



**OPTATIVA: CULTURA CLÁSICA**

**CURSO: 3º E.S.O./4ºESO**

**Breve descripción da asignatura en canto ós contidos:**

- A asignatura trata de achegarnos ó que se consideran as orixes máis inmediatas da nosa civilización occidental: os mundos grego e romano.
- Farémolo acercándonos ó Mediterráneo como marco e centro do mundo clásico, delimitando o aspecto cronolóxico e adentrándonos en diversos aspectos destas civilizacións: sociedade, economía, evolución política, literatura, arte, vida cotiá, etc...
- Trataremos tamén de ver a vinculación entre as linguas clásicas e as romances (galego e castelán, especialmente) e cómo se constitúen en base fundamental da lingua que hoxe utilizamos.

**Metodoloxía das clases:**

A asignatura procurará basearse na propia investigación e descubrimento, por parte do/a alumno/a, dos diversos aspectos que se estudian nesta asignatura a través de traballos individuais e/ou en grupo. O profesor exercerá, basicamente, unha labor de apoio, indicación, tutela e control do traballo de cada alumno.

**Relación desta optativa cos estudos posteriores:**

- A asignatura vincúlase, fundamentalmente, cos Bacharelatos de Ciencias Sociais e Humanidades e co Bacharelato Artístico.
- Os coñecementos que se poidan acadar ó final do curso tamén poden constituír unha boa bagaxe para algúns ciclos relacionados co turismo e a organización de actividades socioculturais e de ocio.